

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2023/18	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria urgente Motivación: Necesidade de trasladar acordo á Deputación da Coruña antes do fin do exercicio 2023.
Data	18 de DECEMBRO de 2023
Duración	Desde as 13:30 ata 13:40 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78792417Y	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44843850Z	CARLOS LEIS PEDROSA	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SI
79327212M	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SI
78787194G	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33277711T	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SI



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano,o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia.

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

O Sr. González indica que teñen en primeiro lugar xustificar a urxencia dun tema que xa coñecen, xa que, houbo un Pleno no que xa se aprobou inicialmente a delegación na Deputación do IVTM e urxencia ven determinada porque había uns prazos que viñan determinados por lei e eses prazos remataron no que ten que estar en exposición pública. Esta exposición pública rematou o xoves pasado e iso fixo que non fora posible metelo no Pleno de xeito ordinario e ademais non chegaría a tempo para que a Deputación levase a delegación e este entrase en tempo e forma.

Toma a palabra o Sr. Calo voceiro do PP que indica que con relación á urxencia teñen a intención de absterse porque nas últimas informacións que temos é que aínda que hoxe fose aprobado xa non chegaría a tempo para a Comisión informativa correspondente da Deputación polo que non se podería incluír na orde do día do Pleno da Deputación. Contra isto non podemos facer valoracións sobre a urxencia, xa que, non sabemos se isto que estamos a facer vai servir para algo. Non sabemos se vai ser perdelo tempo e os cartos dos veciños e veciñas de Outes.

Toma a palabra o Sr. González que indica que dende os servizos administrativos que son os que teñen que xestionar este expediente, recabouse a información pertinente e temos que proceder deste xeito, polo que, a urxencia é necesaria.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:



PP: 6 abstención
CO: 4 votos a favor
BNG: 2 votos a favor
GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto favor

Apróbase por maioría o pronunciamento da urxencia do asunto.

3. Expediente 792/2023. Modificación de Créditos.

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

O Sr. González fai referencia á proposta que supón como xa se indicou a delegación da xestión do IVTM á Deputación da Coruña e posteriormente o traslado á Deputación do presente acordo definitivo para que continúe cos trámites precisos.

Toma a palabra o Sr. Calo que sinala que con relación ao punto e ao contido do expediente non imos a comentar nada pero si con relación ás formas, cremos que deixa moito que desexar porque nos últimos 20 días convocáronse dous plenos extraordinarios e urxentes sen pasar por Comisión informativa, o que demostra dende o noso punto de vista de un descontrol e improvisación constante co que este goberno tripartito trata os asuntos da veciñanza de Outes.

Toma a palabra o Sr. González que indica que cree que a delegación da xestión deste imposto vai supoñer un mellor funcionamento do Concello.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

PP: 6 abstencións
CO: 4 votos a favor
BNG: 2 votos a favor
GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto favor

ACORDO



PRIMEIRO.- Delegar na Deputación da Coruña a competencia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.

O exercicio das competencias delegadas levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación dos servizos tributarios aos Concellos da provincia aprobadas pola Deputación de A Coruña.

Este acordo enténdese definitivo ao non presentarse ningunha alegación no período de exposición pública.

SEGUNDO.- Dar traslado do acordo definitivo de delegación á Deputación para o seu coñecemento e continuar co procedemento establecido.

Remata a sesión ás 13:40 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

